



PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 28 DE ABRIL DE 2022 POLA QUE AMPLÍA O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE PEÓN/PEOA GRANXA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

“Tras ver a proposta da deputada delegada de da Area de Réxime interior, Promoción do territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

No BOP núm. 087, do 18 de abril de 2022 publícase a convocatoria e bases específicas do proceso selectivo de Elaboración Listaxe Peón/Peoa Granxa.

O prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo comprende do 19/04/2022 ata as 23:59 horas do 28/04/2022.

O día 28 de abril, o Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Lugo informa do seguinte:

“Está mañá detectouse un problema no sistema de arquivos da base de datos central da Deputación sobre a que funciona nos seguintes sistemas:

- Administración electrónica: sede electrónica, rexistro, tramitador de expedientes e portasinaturas.*
- Contabilidade*
- Aplicacións de xestión de RRHH e Portal de empregado.”*

Ante esta circunstancia, resulta de aplicación o establecido no artigo 32.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que indica textualmente:

“Cando unha incidencia técnica teña imposibilitado o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda, e ata que se solucione o problema, a Administración poderá determinar unha ampliación dos prazos non vencidos, debendo publicar na sede electrónica tanto a incidencia técnica acontecida como a ampliación concreta do prazo non vencido”

En uso das facultades que lle confire a esta Presidencia a artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

1º. Ampliar o prazo de presentación de instancias do proceso selectivo de Elaboración de listaxe Oficial/a Peón/Peoa Granxa (BOP núm. 087, do 18 de abril de 2022), ata as 23:59 horas do día 29 de abril de 2022.

2º Publicar esta ampliación de prazo na páxina web e no taboleiro de anuncios da Entidade.

3º Comunicar esta ampliación de prazo aos servizos afectados.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Presidencia no prazo dun mes contado a

	IV7DWXH5PQFLJ2ROCLWTOJQSDY	Fecha y Hora	28/04/2022 14:53:15	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWXH5PQFLJ2ROCLWTOJQSDY	Página	1/2	



DEPUTACIÓN DE LUGO

partir do día seguinte o da publicación deste anuncio ou ben recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso – Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

	IV7DWXH5PQFLJ2ROCLWTOJQSDY	Fecha y Hora	28/04/2022 14:53:15	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7DWXH5PQFLJ2ROCLWTOJQSDY	Página	2/2	